

Adaptación da programación de Relixión

M^a Josefa Coldeira Ponte

CEIP Península da Paz

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

2019-2020

3º trimestre

MATERIA RELIXIÓN: CURSO 1º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
-Valorar a creación ,a bondade e a paternidade de Deus.	-Coñece ,respecta e coida a obra Creada.	CAA, CSC,
-Comprender que Deus Pai enviou ao seu Fillo Xesús para Que nos mostre o camiño para chegar a El.	-Identifica a María e a Xesús como comunidade na que Deus se fai presente entre os homes.	CSC CCEC
Saber aplicar á propia vida os valores e virtudes que xorden das ensinanzas de Xesús.	-Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa.	CSC
Comprender que Cristo móstranos o seu amor, ensinando o camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o Espírito.	-Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais.	CCEC CD CCL

MATERIA RELIXIÓN: CURSO 2º

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
-Descubrir que na Biblia se atopa a mensaxe que Deus Pai, dirixe aos que creen en El.	-Descobre e nomea situacións nas que necesita ás persoas e sobre todo a Deus para vivir.	CSC CCL CAA
-Recoñecer nalgúns textos bíblicos a doutrina sobre a Creación na bondade e paternidade de Deus.	-Identifica e representa graficamente os dons que Deus lle fai ao home na Creación.	CD CSIEE
-Comprender que Deus Pai enviou ao seu Fillo Xesús para que nos mostre o camiño para chegar a El.	-Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre nas actitudes e palabras dos personaxes o valor profundo do nadal.	CCL CSC

-Comprender que Xesús móstranos o seu amor ensinándonos o camiño para chegar a Deus, perdoándonos e morrendo por nós.	-Coñece ,memoriza e reconstrúe relatos bíblicos, da acción de Deus na historia.	CCL CAA CSC CCEC
MATERIA RELIXIÓN :CURSO 3º		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
--Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e entorno son un don de Deus para a súa felicidade.	-Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos, ou o entorno son un agasallo.	CCL CAA CSIEE
-Tomar conciencia de que as accións persoais acercan o separan de Deus.	-Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.	CCL CSC
-Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós ,é porque nos ama máis ca ninguén, e quer que nos o sigamos.	-Descubre e subliña, nos relatos de milagres ,os xestos e accións de Xesús que fan felices aos homes.	CAA
-Asociar o Bautismo de Xesús, co momento que empeza a súa vida pública.	-Narra os cambios, que o Bautismo introduce na vida de Xesús.	EOE
-Distinguir como Xesús, fai feliz aos homes, cos seus xestos e palabras.	-Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.	CSC
MATERIA RELIXIÓN:CURSO 4º		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
-Identificar a necesidade do perdón para ser feliz.	-Recorda e acepta situacións persoais e sociais que necesitan do perdón.	CAA CSC

-Aprender e recordar historias bíblicas, nas que Deus promete ao Mesías.	-Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas, onde Deus fai a promesa do Mesías.	CAA
-Comprender o significado dalgunhas parábolas do perdón.	-Analiza, comenta e crea relatos, onde actualiza as parábolas do Fillo Pródigo, do Fariseo e do Publicano.	CCL CSC CSIEE
-Recoñecer a iniciativa de Xesús polos máis necesitados, e os enfermos.	-Busca, subliña e comenta características da preferencia de Xesús, polos máis necesitados e polos enfermos nos textos evanxélicos.	CCL CSC
MATERIA RELIXIÓN:CURSO 5º		
Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
-Esforzarse por identificar que o ben xera felicidade.	-Propón situacións na historia, que manifesten o beneficio de facer o ben.	CCL CEC CSIEE
- Interpretar o significado da Alianza de Deus co seu pobo.	-Define o termo bíblico da Alianza.	CCL CAA
-Distinguir e memorizar os distintos libros que compoñen o Antigo Testamento e o Novo Testamento	-Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.	CMCCT CAA

-Recoñecer nos relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	Interpreta e aprecia ,o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.	CCL CSC CSIEE
MATERIA RELIXIÓN: CURSO 6º		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
-Recoñecer que o ser humano pode coñecer a Deus nas obras da Creación ,en acontecementos da vida humana, no desexo de felicidade e na voz da conciencia.	-Identifica e xulga situacións nas que recoñece a imposibilidade de ser feliz.	CCL CSC
-Descubrir en Xesucristo Salvador, un modelo radicalmente novo de vida que leva consigo unha conversión persoal.	-Busca, compara e comenta distintas expresións do desexo humano de salvación, na literatura e música actuais.	CCL CAA CCEC CSIEE
-Descubrir e apreciar a riqueza dos textos sapienciais na Historia.	-Investiga e contrasta, a sabedoría popular con expresións da sabedoría de Israel, emitindo un xuízo persoal.	CCL CAA CCEC CSIEE
-Descubrir que a través de Xesús, encontramos a Deus.	-Identifica as características que Xesús desvela do Pai nos discursos do evanxeo de Xoán.	CCL CCA

Procedementos de avaliación.

Observación e corrección das tarefas.

Instrumentos de avaliación.

Tarefas quincenais.

Cualificación final.

Realizarase unha media aritmética, entre as cualificacións do 1º e 2º trimestre. Poderase subir ata un máximo de 1 punto ao alumnado que realice as tarefas enviadas.

Actividades

Realizaranse actividades de repaso e reforzo da primeira e segunda avaliación.

Metodoloxía.

O enfoque metodolóxico neste trimestre, centrase en repasar e reforzar os aspectos xa traballados, tendo en conta o proxecto das emocións.

Estas actividades fixéronse chegar por diferentes medios, para que todas as familias puideran recibilas.

O alumnado con conectividade puido recibilas por correo electrónico.

O alumnado sen conectividade puido recibilas mediante o concello, que repartiu a impresión de material.